



INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: Aprobación da Liquidación do Orzamento correspondente ao exercicio económico 2024 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

EXPEDIENTE: 23/2025

De conformidade co disposto no artigo 191 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL) en relación co artigo 90 e seguintes do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, pola secretaria-interventora que subscribe emítese o seguinte:

PRIMEIRO. Segundo determina o punto 1 do artigo 122 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, os consorcios estarán suxeitos ao réxime de presupuestación, contabilidade e control da Administración Pública á que estén adscritos, sen prexuízo da súa suxeición ao previsto na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril.

SEGUNDO. Segundo o disposto no artigo 191 do TRLRFL e no artigo 89 do RD 500/1990, o Orzamento de cada exercicio liquidarase en canto á recadación de dereitos e ó pago de obrigas o 31 de decembro do ano natural correspondente, quedando a cargo da Tesourería local os ingresos e pagos pendentes, segundo as súas respectivas contraccións. As entidades locais deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte.

TERCEIRO. A confección da liquidación do Presuposto do exercicio 2024 realizouse dentro do prazo establecido no artigo 191.3 do TRLRFL e concorda coas anotacións e rexistros da contabilidade do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento. O órgano competente para a aprobación da liquidación é a Presidencia da Entidade Local, previo informe de Intervención, establecendo os artigos 193.4 e 193.5 do TRLFL, que deberá darse conta da liquidación, unha vez aprobada, ó Pleno na primeira sesión que celebre, debendo asemade remitirse copia da mesma á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma antes de finalizar o mes de marzo.

CUARTO. En cumprimento do artigo 122.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, darase traslado do expediente, en canto ente de adscrición, á Deputación Provincial de Pontevedra para a tramitación conxunta e consolidación coa Liquidación do Orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra correspondente ao exercicio económico 2024, dando conta da presente Resolución ó Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

QUINTO. Elaborados os estados demostrativos relativos á liquidación do Presuposto do Exercicio 2024, ponse de manifesto o seguinte:

1) Respecto do Presuposto de Gastos, e para cada aplicación orzamentaria, os créditos iniciais, as súas modificacións e os créditos definitivos,





os gastos autorizados e comprometidos, as obrigas recoñecidas, os pagos ordenados e os pagos realizados.

2) Respecto do Presuposto de Ingresos, e para cada concepto, as previsións iniciais, as súas modificacións e as previsións definitivas, os dereitos recoñecidos e anulados así como os recadados netos.

3) Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago a 31 de decembro.

4) O resultado presupostario do exercicio.

5) Os remanentes de crédito.

6) O Remanente de Tesourería.

1. PRESUPOSTO 2024

1.1. PRESUPOSTO INICIAL

GASTOS			INGRESOS		
Cap	Denominación	Importe € Créditos iniciais	Cap	Denominación	Importe € Créditos iniciais
1	Gastos de persoal	3.175.938,00	1	Impostos directos	0,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	778.302,00	2	Impostos indirectos	0,00
3	Gastos financeiros	0,00	3	Taxas e outros ingresos	2.065.200,00
4	Transferencias correntes	5.000,00	4	Transferencias correntes	1.927.000,00
5	Fondo de contingencia	3.000,00	5	Ingresos patrimoniais	100,00
6	Investimentos reais	30.060,00	6	Alleamento de inversións reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00	7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00	9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL	3.992.300,00		TOTAL	3.992.300,00

1.2. PRESUPOSTO DEFINITIVO

GASTOS			INGRESOS		
Cap	Denominación	Importe € Créditos definitivos	Cap	Denominación	Importe € Créditos definitivos
1	Gastos de persoal	3.175.938,00	1	Impostos directos	0,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	968.890,08	2	Impostos indirectos	0,00
3	Gastos financeiros	0,00	3	Taxas e outros ingresos	2.065.200,00
4	Transferencias correntes	5.000,00	4	Transferencias correntes	1.927.000,00
5	Fondo de contingencia	3.000,00	5	Ingresos patrimoniais	100,00
6	Investimentos reais	2.796.085,50	6	Alleamento de inversións reais	0,00





7	Transferencias de capital	0,00	7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	2.956.613,58
9	Pasivos financeiros	0,00	9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL	6.948.913,58		TOTAL	6.948.913,58

1.3. ESTADO OPERATIVO

GASTOS ORZAMENTARIOS	IMPORTE OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	PAGOS LÍQUIDOS	INGRESOS PRESUPOSTAR	IMPORTE DEREITOS RECOÑEC. NETOS	RECADACIÓN NETA
1. Gastos de persoal	2.888.629,38	2.823.086,86	1. Impuestos directos	0,00	0,00
2. Gastos en bens correntes e servizos	558.839,05	558.839,05	2. Impuestos indirectos	0,00	0,00
3. Gastos financeiros	0,00	0,00	3. Tasas e outros ingresos	2.230.955,02	2.230.955,02
4. Transferencias correntes	5.000,00	5.000,00	4. Transferencias correntes	1.927.000,00	1.927.000,00
5. Fondo de contingencia	0,00	0,00	5. Ingresos patrimoniais	0,00	0,00
6. Inversións reais	147.868,14	147.868,14	6. Alleamento de inversións reais	0,00	0,00
7. Transferencias de capital	0,00	0,00	7. Transferencias de capital		
8. Activos financeiros	0,00	0,00	8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00	9. Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL	3.600.336,57	3.534.794,05	TOTAL	4.157.955,02	4.157.955,02

Obrigas recoñecidas no exercicio 2024 financiadas con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais obtido da liquidación do exercicio 2023: 200.307.23 €.

1.4. MODIFICACIÓNS Ó PRESUPOSTO INICIAL:

- INCORPORACIÓN DE REMANENTE DE REMANENTE DE CRÉDITO: 181.613,58€
- TRANSFERENCIA DE CRÉDITO: 0,00 €
- SUPLEMENTOS DE CRÉDITO: 279.000,00 €
- CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS: 2.496.000,00€
- CRÉDITOS XERADOS POR INGRESOS: 0,00 €
- BAIXAS POR ANULACIÓN: 0,00 €
- TOTAL MODIFICACIÓNS: 2.956.613,58 €

1.5. EXECUCIÓN DO GASTO

1.5.1. OBRIGAS RECOÑECIDAS





Durante a execución do Presuposto de 2024 recoñecéronse obrigas, na agrupación de exercicio corrente, por importe de 3.600.336,57 € o que equivale ó:

- * 90,18 % dos créditos iniciais do Presuposto de Gastos.
- * 51,81 % dos créditos definitivos do Presuposto de Gastos.

1.5.2. PAGOS REALIZADOS

Do total de obrigas recoñecidas 3.600.336,57 €, realizáronse pagos líquidos por importe de 3.534.794,05 € o que equivale ó 98,18 %.

1.6. EXECUCIÓN DO INGRESO

1.6.1 DEREITOS LIQUIDADADOS

Durante o exercicio 2024 liquidáronse un total de dereitos recoñecidos netos (DRN) por importe de 4.157.955,02 € o que representa o:

- * 4,15 % sobre as previsións iniciais de ingresos.

1.6.2 INGRESOS REALIZADOS

Do total de dereitos recoñecidos netos 4.157.955,02 € foron ingresados 4.157.955,02 € o que equivale ó 100 %.

1.6.3 DEVOLUCIÓN DE INGRESOS

CONCEPTO INGRESOS	DEVOLUCIÓN DE INGRESOS RECOÑECIDAS NO EJERCICIO	DEVOLUCIÓN DE INGRESO PAGADAS NO EJERCICIO
30900	990,81 €	990,81 €
30901	41.280,32 €	41.280,32 €
TOTAL	42.271,13 €	42.271,13 €

2. PRESUPOSTOS PECHADOS

A agrupación de exercicios pechados parte dos datos obtidos da liquidación do Presuposto do exercicio inmediato anterior sobre os que se realiza a análise do grado de execución.





Dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados	Saldo inicial	Modificación de dereitos recoñecidos exercicios pechados. Acordo do Pleno de data 29-10-24 de depuración de saldos contables derivados da integración dos consorcios comarcais	Recadación	Pendientes a 31/12/2024
	59.222,12	59.222,12	0,00	0,00
Obrigas pendentes de pago de exercicios pechados	Obrigas iniciais	Modificacións	Pagos realizados	Obrigas pendentes pago a 31/12/2024
	0,00	0,00	0,00	0,00

3. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO

O Resultado orzamentario do exercicio regúlase nos artigos 96 e 97 do Real Decreto 500/1990 e calculouse informaticamente, axustando en aumento polo importe das obrigas recoñecidas financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais, que ascenden a 200.307,23 €.

A liquidación arroxa un resultado orzamentario axustado positivo por importe de 757.925,68 €

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a. Operacións correntes	4.157.955,02	3.452.468,43	0,00	705.486,59
b. Operacións de capital	0,00	147.868,14	0,00	- 147.868,14
1. Total operacións non financeiras	4.157.955,02	3.600.336,57	0,00	557.618,45
c. Activos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00
d. Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00
2. Total operacións financeiras	0,00	0,00	0,00	0,00
I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	4.157.955,02	3.600.336,57	0,00	557.618,45
3. Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais			200.307,23	
4. Desviacións de financiación negativas do exercicio			0,00	





5. Desviacións de financiación positivas do exercicio			0,00	
II. TOTAL AXUSTES (II 3+4-5)			200.307,23	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)				757.925,68

4. REMANENTE DE TESOURERÍA

O Remanente de Tesourería atópase regulado no artigo 191 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais 2/2004 e artigo 101 do R.D. 500/90, de 20 de abril, presentando a liquidación un remanente de tesourería para gastos xerais de 6.143.793,28 €.

COMPONENTES	IMPORTE ANO 2024		IMPORTES ANO 2023	
1. (+)FONDOS LÍQUIDOS	6.302.546,36	6.302.546,36		5.706.313,05
2. (+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO		0,00		62.306,55
- (+) Do presuposto corrente	0,00		0,00	
- (+) De Presuposto pechado	0,00		59.222,12	
- (+) De operacións non presupostarias	0,00		3.084,43	
3 (-) OBLIGACIÓN PENDING DE PAGO		158.753,08		120.138,22
- (+) Do Presuposto corrente	65.542,52		0,00	
- (+) De Presupostos pechados:	0,00		0,00	
- (+) De operacións non presupostarias	93.210,56		120.138,22	
4 (+) PARTIDAS PENDIENTES DE APLICACIÓN:		0,00		1.609,48
- (-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00		0,00	
- (+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva:	0,00		1.609,48	
I. REMANENTE TESOURERÍA TOTAL (1+2-3+4)		6.143.793,28		5.650.090,86
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO		0,00		59.222,12
III. EXCESO DE FINANCIACIÓN AFECTADA		0,00		0,00
IV REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS (I-II-III)		6.143.793,28		5.590.868,74

5. REMANENTE DE CRÉDITO

TOTAL REMANENTE DE CRÉDITO: 3.348.577,01 €





REMANENTE DE CRÉDITO INCORPORABLE: 355.300,58 €

Os remanentes de créditos a incorporar afectan ás seguintes aplicacións orzamentaria:

APLICACIÓN	IMPORTE	COMPROMISOS DE GASTO/OPERACIÓN DE CAPITAL
1360.22100	5.026,34	Expediente de contratación de subministro enerxía eléctrica. Disposición de gasto 2024 mediante Resolución da Presidencia de data 28-10-24, nº 2024-0168.
1360.22103	3.310,92	Subministro de gasoleo C. Disposición de gasto mediante Resolución da Presidencia prórroga do contrato de data 28-12-2023, n.º 2023-0136.
1360.22104	3.046,66	Expediente de contratación de subministro de roupa de parque. Disposición de gasto 2024 mediante Resolución da Presidencia de data 26-04-24, nº 2024-0059.
1360.22299	5.971,08	Encomenda de xestión e mantemento da rede dixital de emerxencias e seguridade. 4º trimestre/24
1360.22799	4.477,00	Expediente de contratación de mantemento preventivo e correctivo lote 2, equipos de excarceración marca WEBER. Disposición de gasto 2024 mediante Resolución da Presidencia de data 12-09-24, nº 2024-0132.
1360.62301	11.928,15	Expediente de contratación de subministro de ferramentas manuais. Autorización-Disposición de gasto 2024 mediante Resolución da Presidencia de data 23-12-24, nº 2024-0212.
1360.62301	72.509,25	Expediente de contratación de subministro de tres compresores de aire respirable. Autorización de gasto mediante Resolución da Presidencia de data 16-12-24, n.º 2024-0208
1360.62600	18.125,80	Expediente de contratación de subministro de equipamento informático Autorización de gasto mediante Resolución da Presidencia de data 23-12-24, nº 2024-0219.
1360.62900	69.212,00	Expediente de contratación de subministro de roupa de protección contra a auga e de alta visibilidade. Autorización de gasto mediante Resolución da Presidencia de data 17-12-24, n.º 2024-0211
1360.63200	132.904,46	Expediente de contratación do servizo de asistencia técnica de redacción de proxectos técnicos de mellora e modernización dos parques de bombeiros. Autorización de gasto mediante Resolución da Presidencia de data 19-11-24, n.º 2024-0182
9200.22706	6.379,72	Expediente de contratación do servizo de asistencia técnica de elaboración da RPT. Disposición de gasto mediante Resolución da Presidencia de data 09-05-24, n.º 2024-0067.
9330.22706	22.409,20	Expediente de contratación do servizo de asistencia técnica de elaboración do Inventario e Bens e Dereitos. Disposición de gasto mediante Resolución da Presidencia de data 30-12-24, n.º 2024-0220.
TOTAL	355.300,58	





FINANCIACIÓN:

Aplicación orzamentaria	Importe
87000	355.300,58 €

6. RESULTADO DO INFORME DE ESTABILIDADE PRESUPUESTARIA, REGRA DE GASTO E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA

O resultado da avaliación do Obxectivo de “Estabilidade Orzamentaria, Regra de gasto e Sustentabilidade financeira” na liquidación do Orzamento a 31 de decembro de 2024, resulta:

* Capacidade de financiamento, “superávit non financeiro” = + 557.618,45 €

* “Regra de gasto”, diferenza entre o “Límite da Regra do Gasto” e o “Gasto computable liquidación 2024 = + 44.123,28 €

* Cumpre co principio de Sustentabilidade financeira na dobre vertente: Límite de débeda sobre ingresos correntes liquidados no exercicio anterior = 0 % e período medio de pago a provedores.

* O resultado da avaliación: CÚMPRESE COS OBXETIVOS ESTABILIDADE, REGRA DE GASTO E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA NA LIQUIDACIÓN ORZAMENTARIA DO EXERCICIO 2024.

7. DEPURACIÓNS CONTABLES

Ó marxe do exposto, esta Intervención pon de manifesto que :

No exercicio 2013 levouse a cabo a seguinte depuración contable:

* Liquidación do Consorcio contra Incendios e Salvamento da Comarca do Morrazo:

1º.- Dereitos pendentes de cobro: 106,74 €

DEPURÁRONSE:

* 0,50 €, de orzamentos pechados. Debedor, Deputación Provincial de Pontevedra, exercicio 2006. Non se achegan documentos acreditativos da débeda nin dos requirimentos de pago formulados polo Consorcio Comarcal para interromper a prescripción.

PENDENTE DE DEPURAR:

* De operacións non orzamentarias 106,24 €, non se achega ningún documento para a identificación do debedor nin o concepto. Xa figuraba como tal o 01-01-2011. Pendente de depurar por non dispoñer de datos.

2º.- Obrigas pendentes de pago do orzamento corrente: 8.854,00 €

DEPURÁRONSE:

* 120,00 €, razón social do acreedor “Asistencias” no figurando tampouco o CIF, polo que se trata dun acreedor do que non se facilitan os datos.

* 120,00 €, razón social do acreedor “Asistencias” no figurando tampouco o CIF, polo que se trata dun acreedor do que non se facilitan os datos.

3º.- Obrigas pendentes de pago do orzamento pechado: 3.120,00 €

DEPURÁRONSE:





* 3.120,00 €, acredores correspondentes ao exercicio 2005-2008, contan cunha antigüidade superior aos catro anos e non se achega ningún documento de reclamación do pago. Non se identifica nalgún caso aos acredores.

4º.- Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva: 1.609,48 €

PENDENTE DE DEPURAR:

* 1.609,48 €, non se achega ningún documento para a identificación do concepto, aplicación orzamentaria nin acredor. Xa figuraba como tal o 01-01-2011, debería ter sido aplicado. Pendente de depurar por falta de datos.

* Liquidación do Consorcio contra Incendios e Salvamento da Comarca do Salnés:

PENDENTE DE DEPURAR:

1º.- Deritos pendentes de cobro: €

* 59.222,11 €, de orzamentos pechados. Debedores Concellos e Cambados, Meis e Vilanova de Arousa, correspondentes ao exercicio 2000. Non se achegan documentos acreditativos da débeda nin dos requirimentos de pago formulados polo Consorcio Comarcal para interromper a prescripción.

2º.- Obrigas pendentes de pago do orzamento pechado: 1.336,08 €

DEPURÁRONSE:

* 1.336,08 €, acredor non identificado correspondente ao exercicio 2007, contan cunha antigüidade superior aos catro anos e non se achega ningún documento de reclamación do pago.

* Liquidación do Consorcio contra Incendios e Salvamento da Comarca de Baixo Miño, Condado e Louriña:

1º.- Obrigas pendentes de pago do orzamento pechado: 3,31 €

DEPURÁRONSE:

* 3,31 € Saldo que figura na liquidación e non xustificado.

2º.- Operacións non presupostarias: 21,81 €

PENDENTE DE DEPURAR:

* De operacións non orzamentarias 21,81 €, non se achega ningún documento para a identificación do debedor nin o concepto. Xa figuraba como tal o 01-01-2011. Pendente de depurar por non dispoñer de datos.

Quedando pendente de depuración:

1º. Dereitos recoñecidos pendentes de cobro de exercicios pechados: 59.222,12 €.

2º.- Operacións non presupostarias: 84,43 € (Dereitos pendentes de cobro de operacións non orzamentarias 21,81 € do Consorcio comarcal de Morrazo-Obrigas pendentes de pago de operacións non orzamentarias 106,24 € do Consorcio comarcal de Baixo Miño, Condado, Louriña).

3º.- Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva: 1.609,48 € derivado da integración do Consorcio Comarcal de Morrazo.

No exercicio 2024 levouse a cabo a seguinte depuración contable:

O Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, en sesión de data 29 de outubro de 2024, a vista das recomendacións formuladas no *"Memorándum Definitivo de Conclusións da Auditoría do exercicio 2023"*, acorda:

"1º.- Aprobar a depuración de saldos das contas que de seguido se relacionan coa súa cancelación ou eliminación:





CONTA PGC	DESCRIPCIÓN	NATUREZA	IMPORTE
4310	Debedores por dereitos recoñecidos. Orzamentos de ingresos pechados.	Debedor (Debe)	59.222,12 €
44900	Outros debedores non orzamentarios.	Debedor (Debe)	84,43 €
4900	Deterioro de valor de créditos. Operacións de xestión	Acredor (Haber)	59.222,12 €
55500	Pagos pendentes de aplicación	Acredor (Haber)	1.609,48 €
565	Movements internos de tesourería. Fianza constituída	Debedor (Debe)	3.000,00 €

2º.- Practicar os asentos contables necesarios para facer efectiva a depuración de saldos das contas sinaladas."

Para a correspondente anotación contable efectuáronse os seguintes asentos:

1º. MODIFICACIÓN DE DEREITOS RECOÑECIDOS DE EJERCICIOS PECHADOS

Tipo de operación: CG-

Terceiro: 01120

DEBE		HABER	
CONTA	IMPORTE	CONTA	IMPORTE
4310	59.222,12	120	59.222,12

2º. CANCELACIÓN DEBEDORES NON ORZAMENTARIOS

Tipo de operación: CG

Terceiro: 01120

DEBE		HABER	
CONTA	IMPORTE	CONTA	IMPORTE
678	106,24	44900	106,24

DEBE		HABER	
CONTA	IMPORTE	CONTA	IMPORTE
44900	21,81	778	21,81

3º. REVERSIÓN DE PROVISIÓN

Tipo de operación: CG

Terceiro: 01120

DEBE		HABER	
CONTA	IMPORTE	CONTA	IMPORTE
4900	59.222,12	7983	59.222,12

4º. CANCELACIÓN PAGO PENDENTE DE APLICACIÓN

Tipo de operación: CG-





Terceiro: 01120

DEBE		HABER	
CONTA	IMPORTE	CONTA	IMPORTE
555	1.609,48	7983	1.609,48

5º. CANCELACIÓN FIANZA CONSTITUÍDA

Tipo de operación: CG

Terceiro: 01120

DEBE		HABER	
CONTA	IMPORTE	CONTA	IMPORTE
678	3.000,00	565	3.000,00

A secretaria – interventora

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

